

**A saudade do reino necesario cando florecen
as acacias do frío**

Concepción Delgado Corral

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

DELGADO CORRAL, CONCEPCIÓN (2012 [2012]). “A saudade do reino necesario cando florecen as acacias do frío [Recensión do libro de Manuel Álvarez Torneiro *Os ángulos da brasa* (2012)]”. Edición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2083>>.

* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 12 de maio de 2012 a partir do arquivo facilitado pola autora.

**A SAUDADE DO REINO NECESARIO CANDO
FLORECEN AS ACACIAS DO FRÍO**

**[RECENSIÓN DO LIBRO DE MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO
OS ÁNGULOS DA BRASA (2012)]**

Concepción Delgado Corral

Manuel Álvarez Torneiro tardou moito tempo en publicar polo seu afán de perfeccionamento pero a partir do seu primeiro libro, publicado en 1982, a súa produción poética non cesa. Con *Memoria dun silencio* inicia unha obra que na súa totalidade será concibida sempre como un proxecto unitario.

Luís Rei Núñez, encargado da colección poética Tambo do Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra, publicou tres importantes obras do autor: *Epicentro* (2003), *Setembro Stradivarius* (2004) e *Parábola do incrédulo* (2006).

Despois de seis anos sen actividade a colección renace no ano 2012 dirixida por Rei Núñez no seo de Faktoria K de Libros con *Os ángulos da brasa*, o último libro de Torneiro con ilustracións na portada de Fausto Isorna.

Consta de 57 composicións estruturadas en tres partes: “Trama da vida” con 30 poemas, “Terreal e sagrado” con 14 poemas e “Tapiz de cinsa” con 23.

A memoria que non cesa convértese no refuxio dun *eu* resistente despois de tantas derrotas. No inverno frío-lugar das acacias repasa o álbum dos fulgores da mocidade, cando dominaba o amor que era a “gloria de rompentes e amañecidas”. A casa, o faiado, a infancia chea de inocencia e asombro, a perdida nai-flanela, o mundo natural da aldea, os nomes que foron o sustento, as mulleres, regresan á memoria conseguindo que o efémero dure. Todo isto constitúe unha Itaca construída no pasado pola infancia creadora e hoxe recreada na memoria, e tamén evocada a través dos olores naturais como os das mazás e as buganvíleas:

A un paso do infortunio
a abella musicaba a luz nas buganvíleas.
E era de ouro o verán pervertedor do corpo.
E aquel perfume humilde como o mundo,
decidido a ser sempre,
así mesmo incubándose...
Arrebatada e doce como unha adolescencia,
aquela adolescencia. (p.101).

Pero esa Itaca que a inocencia construía non foi posíbel pola violencia da vida na posguerra, co horror da contenda, o medo a non ter o pan de cada día, os mortos e o silencio:

Ofendían os ritos e as liturxias,
o ouro aquel, en celo.

Ofendía a tronante presenza das bandeiras,
os empurróns do tango
contra o peito da dama,
a caza do viúvo no couto ilimitado,
a vella burguesía
fozando nos panais do prohibido,
os xerundios do himno no megáfono....
e aquel pan con manteiga
dos nenos de algodón e luz de nácara
nas fortificacións dos vitoriosos. (p.88).

A memoria reconstrúe de maneira realista este pasado triste presentado, como o anterior, de forma fragmentaria, e evocado agora mediante as sensacións de medo e silencio, e polo cheiro da col cocida:

Subía polos patios aquel son da penuria:
voces desfalecidas do arrabalde veciño,
as imposibles culpas dos libres de pecado
e unha bruma de fume e un cheiro a col cocida. (p.87).

A pesar de todo, ese tempo do “nunca paraíso” foi “desesperadamente esperanzado” nun futuro e nun mundo mellores:

Era preciso, entón,
confiar nas auroras: traerían
grilandas de tremor corazonado, aves
de salitre docísimo,
a alegría insensata dos animais máis libres (p.43).

A visión que o poeta proxecta do pasado oscila entre a elexía polo paraíso dunha infancia e unha adolescencia onde se xestaban moitos soños, e a crítica pola imposibilidade del no panorama sombrío da posguerra.

Á rememoración do pasado únese unha toma de conciencia crítica do mundo presente, non exenta de triste ironía:

Imprescindible inglés. Praza segura.
Rapaz en lapas de pracer ofrécese.
A medalla
dun vello sufrimento pola patria
.....
Unha pedra do muro de Berlín
quilo e medio)...
Dous álbums cos ríos que desapareceron.
Un acordeón que, ben tocado, chora. (p.103).

A esperanza dun tempo mellor non se realizou, no presente só hai frustración e a Ítaca segue sendo imposible:

Isto é hoxe e aquí.
A media hora do amor vencida
por unha eternidade de semana,

os números perversos, inchados, depredando.
E os que van do insomnio á armería,
o gran habilitado á destra do deus-ouro,
a promesa pasada de óxido e de cirios,
o entroido-caverna,
o madrigal falsario, a gran fraude
e as infinitas moscas... (p.95).

Esta luz é novembro,
e enormes de memoria resistimos
onde xa nada vale
nun sistema de zoo e previo pago,
de avelaiñas negras en borrasca,
de ouro de latón, efixie e fósil (p.46).

O eu, cun sentimento de fronteira contando a vida en termos de resta e perda, é capaz, pola memoria, de dar voz a aquel silencio do nunca paraíso e restaurar os días do incendio do amor do que hoxe aínda fican os ángulos da brasa, pero tamén é consciente de que no presente só hai desencanto e vellez:

E os que aquí entristecen
apertando entre os dedos
unha pedra implacable,
a brasa dunha ausencia,
unha mágoa durísima de tarde.
E unha voz esvaída:
malos tempos aqueles. E esta vellez, agora... (p.44).

A morte está presente nas dúas Ítacas: no paraíso da infancia representada na nai, e os mortos da guerra no nunca paraíso. É un factor decisivo que provoca no poeta a conciencia do tempo. A partir do presente todo semella que sucedeu “onte mesmo”. A irremediabilidade do paso rápido do tempo intimamente unido á morte é un tema nuclear expresado en fermosas imaxes onde o día “xa nace pasado” e a vida é “un brazado de agostos ou invernos”. A idea de que nada permanece é de Heráclito, autor que cita, pero fronte ao Panta rhei o *eu* oscila entre a idea de que nada permanece e o sentimento de que despois da morte todo fica igual, como o mesmo río de Caaveiro citado aquí antes do devastador incendio:

Altas seguen as pedras que o descoido verdea
e o camiño que sobe
cara a un honor de cima entusiasmada,
-sepia de tarde lenta e luz de Vermeer-,
onde os lirios aínda son flores do medievo
e o lobo morre pobre, e xermina
a emoción do incrédulo.
Xa todo sen nosoutros.
Segue pasando por alí aquel río. (p.63).

Hoxe florecen as acacias do frío, e nun mundo que non é a terra prometida o eu, sen perder a esperanza, manifesta unha grande saudade polo paraíso que nunca puido ser:

Alguén está chamando, desesperadamente,
porque insiste, non cesa,
porque é tanta a esperanza coma o pesar do mundo
e agarda.
Pide piedade. E agarda,
desesperadamente esperanzado. (p.51).

Entón a poesía faise metapoética na procura do lugar para o poeta neste tempo e nestas circunstancias:

os poetas agora merendan mortadela,
conducen autobuses de lóstrego vermello,
xogan ás cartas cos vellos mariñeiros
que teñen ombros anchos e non saben de Homero (p.29).

Tendo a seguridade de que non é tempo para cantar cisnes o *eu* dubida entre o silencio ou a recreación dunha realidade “outra”:

É necesario, agora,
sobrevivir,
nun índice de calmas,
descalzarse,
disolverse en fronteiras impensables,
beber auga calada,
beber silencio. (p. 93).

O silencio non pode ter a última palabra porque existe a palabra, que moitas veces é pan do engano, pero o poeta ten confía na palabra creadora que pode facer posíbel o mundo imposíbel; a fe na palabra lévao a facer unha chamada á actividade:

Que aínda nos sorprenda unha vehemencia
e a caridade dunha desmemoria.
Fagamos lume.
Teñamos o valor de darnos un futuro. (p.105).

Trátase dun silencio discursivo en todo o que ten que ver cun mundo real negativo que, entre outras cousas, é unha forma de contestación a ese mundo, nunca do cese da actividade poética porque o *eu* vive só coa esperanza da luz do reino necesario que só poderá conseguir mediante a palabra creadora:

Hoxe canto as columnas
dende o silencio branco,
a omnisciencia da luz, a rosa magma,
as hidras desangradas,
a man perseverante no seu astro disperso,
a chuvia urdida en soños/e o merlo nas cereixas dalgún Edén impío. (p.57).

O silencio trae consigo unha intensificación do lirismo e a beleza:

Velaquí o silencio...
A emanación da tarde.

E a repentina sombra.
E instantes que rebordan
toda meditación.
E músicas que veñen para quedar.
Músicas de gardar/para que dalgún xeito siga vivo
o que demos por morto. (p.26).

A esperanza reside agora na afirmación da beleza creada pola palabra que significa moito e pode salvar: “Pero a beleza existe” (p. 23). E sobrevive ao propio *eu* na obra creativa de autores como Vivaldi:

Marabilla pensar que séculos despois
daquel 1700 (o tempo sen fronteiras
e, ás veces, desandado), nalgún pavillón
de servidume ou inmisericordia,
alguén, cumprida a súa tarefa,
se recolla en si mesmo;
que alguén escoite, aínda,
ou chore no sombrizo sedativo das frautas,
fraternal coa pena... (p.53).

A beleza non pode estar no mundo especulativo e deshumanizado da cidade senón no mundo natural que, representado de forma fragmentaria, simboliza a luz do paraíso:

Carricanta. Letargo.
Tenrura en luz de prímulas.
O xirín na hora extrema
.....
E a epístola crible.
E unha presa de noces como premio.
Así se vai facendo o reino necesario. (p.41).

Na súa procura e a pesar de estar condicionado por un tempo epilodal escolle o *carpe diem*, e con forza para seguir vivindo e crear proclama o dereito a ser feliz nesta viaxe vital que, a pesar de todo, desexa que non remate nunca:

Nada deixes ao azar,
estrea o día...
Morde agora, con rabia
unha mazá reineta... (p.34).

El, o asombrado un día,
alzado en monumento de memoria,
oíndose en voz baixa.
.....
Ese home que de nada se despide.
O que, ás veces, desexa
que esa viaxe non remate nunca. (p.106).

A escolla dunha nova forma de vivir, nun espazo refuxio-natural-fronteira enmarcado pola música, os olores e a luz, condúceo a procurar unha forma máis simple e natural para cantar as cousas sinxelas, escapando das materias preciosas:

Dicir, por unha vez, que o diamante é pobre.
Repáremos agora no proverbio do rústico,
na luz non ilustrada,
no abrollar morado dunha flor diminuta,
na ferida do anxo,
na esfera do limón... (p.36)

A tensión entre dúas concepcións de poesía, a que parte dunha visión crítica da realidade con fragmentos discursivos, e a que se orixina no mundo do soño cunha concepción da linguaxe como creadora só na procura da beleza e máis desprovista de fluencia significativa, segue presente. No poema final do libro o eu semella verse retratado nese home que escolle a fuga, a beleza e o soño como compensación da desesperanza, e proclama o dereito a soñar e crear un mundo “outro”:

Viaxa nese tren que cruza os días.
A el subiu un home co fulgor dunha rosa,
unha calma inmadura,
certa sabedoría que non dá para glorias
e un proxecto radiante: ser feliz.
Leva un soño trazado como un río,
soña con ese soño. (p.106).

Coas mesmas referencias poéticas, musicais e pictóricas este último libro confirma a concepción de obra total do autor pola beleza formal manifestada no léxico e nas imaxes, pola oscilación entre a comunicación e o silencio e a inequívoca inspiración humana. Estrita fidelidade aos postulados de sempre na presentación en leve liña narrativa de determinados aspectos de espírito, cuestionando aspectos do pasado, reflexionando sobre o amor e o paso do tempo, no desexo de que o mundo sexa outro, na defensa do mundo natural fronte ao consumismo e a técnica en demasía, na confianza na palabra como creadora de paraísos que nunca foron nin son pero que alivia e axuda a resistir.

Os ángulos da brasa, libro de poesía en clave interior e en clave social, unha vez máis, nun tempo de fronteira e epílogo, converte a escrita –testemuño ou creación– nunha actividade terapéutica para o *eu*.